

CURSO DE CREACIÓN DE BLOGS E REVISTAS ESCOLARES



CARACTERÍSTICAS DO CURSO

O Curso de creación de blogs e revistas escolares está pensado para desenvolver en 3 sesións nas que se entrará en contacto progresivamente cos contidos.

A través destes búscase que o alumnado sexa quen coñecer de coñecer e desenvolver unha revista de centro en formato electrónico e convertela no vehículo de comunicación para o intercambio de información no centro educativo.

Para poder acadar os obxectivos marcados, a metodoloxía será totalmente **práctica**, con accións nas que eles serán os protagonistas e onde terán un papel totalmente activo, apoiado polo labor da persoa docente, que incidirá naqueles elementos máis importantes.

Xa que logo, este curso está deseñado para favorecer a interacción do alumnado, os docentes, dun xeito **práctico e efectivo**.

DESCRIPCIÓN DA PROPOSTA

OBXECTIVOS

O grupo de docentes, ao rematar o obradoiro, deben ser capaces de:

- Coñecer as principais aplicacións de creación de redes sociais orientadas aos centros educativos.
- Aprender a crear e optimizar blogs e dominar o traballo con wikis.
- Crear un modelo de revista dixital para un centro educativo.
- Favorecer o uso da lingua galega nas aulas como elemento positivo e integrador.

DIRIXIDO A

Docentes de primaria, secundaria, bacharelato, formación profesional e educación especial.

DURACIÓN

O curso ten unha duración total de 9 horas.

METODOLOXÍA

A fundamentación metodolóxica que se vai implementar baséase no desenvolvemento de intervencións totalmente prácticas, con procedementos didácticos de carácter creativo e ferramentas de traballo innovadoras que darán resposta aos obxectivos do obradoiro, neste caso coa intervención das novas tecnoloxías.

A organización das diferentes sesións terán un marcado carácter lineal e continuado, nas que se irán introducindo aos docentes na dinámica do curso a través de accións prácticas para entender o funcionamento da plataforma que se presenta.

CONTIDOS DO CURSO

1. As redes sociais
 - a. Os wikis
 - b. Os blogs
 - c. Outras ferramentas de interese educativo
2. Como crear e optimizar un blog
 - a. Fases na creación dun blog
 - b. Elementos de optimización
 - c. Principais soportes para os blogs
3. Creación dunha revista dixital de centro
 - a. Fundamentos
 - b. Tipos de revistas dixitais
 - c. Elección dunha aplicación para a xestión da revista
 - d. Fases proceso de edición da revista
 - e. Organización do equipo de traballo
 - f. As normas de estilo
 - g. A estrutura da revista